

DECRETO NÚMERO 17003805 DO 28/04/2017

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Instruído o expediente relativo a: **CONTRATACION DA EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE (EXP.22-2017). ADXUDICACIÓN**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

I.- Informe proposta do servizo de contratatación de data de 27 de abril de 2017 no que na súa parte expositiva fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º.- Decreto número 17003719 do Libro Único de Resolúcións asinado o 27 de abril de 2017 asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Tuirismo, Xuventude e Promoción da Lingua, polo que se acorda entre outros a aprobar a CONTRATACION DA EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE (LOTE1) E DE EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE, os pregos de cláusulas administrativas particulares e o de condicións técnicas que rexeron a súa licitación, e a forma de adxudicación polo procedemento negociado, de acordo co disposto no artigo 20 do TRLCSP; así como confía-la execución de cada contrato ás compañías relacionadas a continuación condicionando estas adxudicacións á presentación por parte de cada empresa representante da documentación que se esixe na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares:

“- Para o LOTE 1: ASOCIACION PARA LA RECUPERACIÓN DE LA MEMORIA HISTÓRICA (ARMH) con CIF G82871666 por un importe de 20.400 euros máis o 21% de IVE (4.284 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.684 euros. Neste prezo están incluídos os gastos xerais, beneficio industrial e mailo IVE.

LOTE 2: XESCULTURA S.L. con CIF B 94097243 por un importe de 20.000 euros máis o 21% de IVE (4.200 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.200 euros. Neste prezo están incluídos os gastos xerais, beneficio industrial e mailo IVE.”

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Informe da Tesourería Municipal de data do 24 de abril de 2017, no que se sinala que as empresas “ASOCIACIÓN PARA LA RECUPERACIÓN DE LA MEMORIA HISTORICA” e “XESCULTURA” non tenen débedas de carácter tributario con Concello de Lugo.

4º.- Documentación presentada pola mercantil XESCULTURA, S.L, para a contratación da **EXPOSICIÓN EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE (EXP.22-2017)”**

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1493375225071.doc

Asunto: DECRETO ADXUDICACIÓN LOTE 2 EXPOSICION COLECTIVA VELLO CÁRCERE

II.- Informe da Intervención municipal ref. 207/2017 de data do 28 de abril de 2017 no que se pon de manifesto a conformidade da fiscalización da proposta de adxudicación cunha serie de observacións.

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprogado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local núm 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de dos mil 2016, no que se aprobou a delegar a favor da Tenente de Alcalde da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación relativos ás festas do San Froilán 2016, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adxudicar o procedemento negociado convocado para **CONTRATACION DE EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE (EXP.22-2017)** á mercantil XESCULTURA, S.L (NIF: B 94097243) por un importe de 20.000 euros máis o 21% de IVE (4.200 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.200 euros. Neste prezo están incluídos os gastos xerais, beneficio industrial e mailo IVE, con cargo á aplicación á aplicación 33000.22699 do vixente Orzamento Xeral (RC 34036/17).

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ás empresas adxudicatarias e dependencias municipais interesadas

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Excmo. Concello de Lugo

CUARTO.- Proceder a formalización dos correspondentes contratos privados.

Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.